

Nomeo directora de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde a Nieves Domínguez González.

Santiago de Compostela, sete de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Decreto 284/2009, do 7 de maio, polo que se nomea director xeral do Patrimonio Cultural a José Manuel Rey Pichel.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de maio de dous mil nove,

Nomeo director xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo a José Manuel Rey Pichel.

Santiago de Compostela, sete de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

Decreto 285/2009, do 7 de maio, polo que se nomea secretaria xeral para o Turismo a María Carmen Pardo López.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de maio de dous mil nove,

Nomeo secretaria xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo a María Carmen Pardo López.

Santiago de Compostela, sete de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Decreto 286/2009, do 7 de maio, polo que se nomea directora xeral de Formación e Colocación a Ana María Díaz López.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de maio de dous mil nove,

Nomeo directora xeral de Formación e Colocación a Ana María Díaz López.

Santiago de Compostela, sete de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 6 de maio de 2009 pola que se fai público o Acordo do 5 de maio de 2009, polo que se nomea o xerente do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Na reunión do 5 de maio de 2009, o Consello do Instituto Galego da Vivenda e Solo acordou, por proposta do director xeral do dito instituto e de conformidade co disposto no artigo 6.1º do Decreto 506/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, nomear a Heriberto García Porto como xerente do referido organismo autónomo.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2009.

Antonio José Boné Pina
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda
e Solo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 287/2009, do 7 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

O Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función

pública de Galicia, no seu artigo 31, establece que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes serán obxecto de oferta de emprego público.

O artigo 31 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, determina que durante o ano 2009 o número total de prazas de novo ingreso será como máximo, igual ao 30% da taxa de reposición de efectivos e concentraranse nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Para estes efectos consideraranse efectivos aqueles que veñan desempeñando a súa actividade en servizos que teñen carácter permanente na comunidade autónoma. Dentro deste límite, a oferta de emprego incluírá todos os postos e prazas desempeñados por persoal laboral contratado ou persoal interino nomeado, a que se refire a alínea a) do punto 1º do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, excepto aqueles sobre os que exista unha reserva do posto ou que estean incurso en procesos de provisión; esta limitación non é aplicable á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en relación co número de prazas para o acceso ao corpo de funcionarios docentes para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Polo anterior, e tendo en conta a planificación educativa e as prazas vacantes nos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cómpre aprobar a oferta de emprego público relativa aos corpos docentes, no ano 2009.

Na súa virtude, consultada a mesa sectorial docente non universitaria, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe favorable da Consellería de Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de maio de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Aprobación da oferta de emprego público dos corpos docentes.*

Apróbase a oferta de emprego público correspondente aos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o ano 2009 nos termos que se establecen neste decreto, e de conformidade co disposto no artigo 31.6º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Artigo 2º.-*Cuantificación da oferta de emprego público.*

Corpo de mestres: 740.

Corpo de inspectores de educación: 13.

Artigo 3º.-*Reserva para persoas con discapacidade.*

Do total de prazas ofertadas para ingreso reservárase unha cota do 7% do conxunto delas para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. A distribución da dita reserva por especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que queden vacantes da quenda de discapacidade non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

No suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentase pola quenda de reserva superase a proba e non obtívase praza na citada quenda, sendo a súa puntuación superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Artigo 4º.-*Admisión de persoal con discapacidade.*

1. Nas probas selectivas para o acceso ás prazas ofertadas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. Nas probas selectivas establecerase, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a realización. Nas convocatorias indícarase claramente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a petición concreta na correspondente solicitude de participación.

Para tal efecto os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración competente.

Artigo 5º.-*Adquisición doutra especialidade.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá, ademais, convocar o procedemento para que os funcionarios docentes de carreira que dependan directamente dela poidan acadar unha nova especialidade dentro do corpo ao cal pertencen.

Disposición derradeira

Primeira.-*Habilitación.*

Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria